

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ (auséntase da sesión antes de tratar o punto número 10/745 da orde do día). Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de outubro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de automóbiles, ramas de mecánica, electricidade, carrocería e pintura, na rúa dos Carpinteiros, parcela 14.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 7/66 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día nove de febreiro de 2011, polo que se concedía licenza para desvinculación de dúas prazas de garaxe na planta baixa do edificio sito na rúa dos gardas, números 2-4, coa licenza número 14/82 e vinculación simultánea na planta soto 1 (prazas 8 e 13) do edificio sito na rúa Lamas de Prado, números 54-56, esquina rúa Río Navia, números 1-5-7.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación de planta baixa e alta sita na rúa San Xillao, número 25; para a instalación dun tótem publicitario, en solo urbano, na avda. Infanta Elena, número 93, centro comercial "As Termas" e para a legalización de vivenda unifamiliar no núcleo rural 15.1. A Torre-Aez, parroquia de Camoira.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	22/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por un traballador social así como a a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios polo funcionario adscrito ao Auditorio municipal e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a modificación de retribucións mensuais fixas que percibe un axente da policía local.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo permanente de seguridade privada no Parque da Milagrosa na cidade de Lugo 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.

5. INTERVENCIÓN.- Dáse conta do marco orzamentario 2014-2016.


6. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para demolición de muro en edificación anexa sita en Vigo, 6, San Miguel de Bacurín.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Encomenda en réxime de comisión de servizos do desempeño do posto de Letrado Asesor.
- Peonalización da Ponte Vella de Lugo.
- Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Eelegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación das obras de pavimentación e servizos na rúa Perpetuo Socorro (tramo río Cabe-rúa Otero Pedrayo).

Código Seguro de verificación:c7Iz7HM3dfkMscdFFGTTQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	22/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	c7Iz7HM3dfkMscdFFGTTQ==	PÁGINA 2/3



c7Iz7HM3dfkMscdFFGTTQ==

- Incoación de expediente de incautación de garantía definitiva no contrato administrativo correspondente á inserción e explotación de publicidade interior e exterior nos autobuses urbanos de Lugo.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:c7IZ7HM3dfkMscdFFGTTQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	22/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	3/3



c7IZ7HM3dfkMscdFFGTTQ==